269	MATEMÁTICAS	Calcula o valor da expresión $4 + 5 (2 \times 3)3$ .	$4 + 5 (2 \times 3)3 = 4 + 5 \times 216 = 4 + 1080 = 1084$ .
270	E.FCA SEC	Que xogador se coloca preto da liña de 6 metros e de costas a portería en balonmán?	a) Central. ; b) Lateral. ; c) Extremo. ; <b>d) Pivote.</b>
271	XEOGRAF E Hª	Cal é a etapa na que o home aprende a cultivar e domesticar animais?	Neolítico.
272	CC NATUREZA	A variación da temperatura durante o día, de que movemento terrestre depende?	Da rotación.
273	LINGUA E LIT	Que son os numerais cardinais?	Os que indican un número exacto.
274	MATEMÁTICAS	Expresa a propiedade distributiva do produto respecto á sustracción.	$(a - b) \times c = a \times c - b \times c$ .
275	E.FCA SEC	Cal destas accións non se pode facer en balonmán?	<b>a) Pasar o balón ao porteiro cando está dentro da área</b> ; b) Que o porteiro meta un gol ; c) Pasar o balón máis de tres veces aos compañeiros ; d) Pasar o balón coas dúas mans
276	XEOGRAF E Hª	Nomea as Idades do Metal:	Cobre, Bronce e Ferro.
277	CC NATUREZA	A variación de temperatura ó longo do ano, de que movemento terrestre depende?	Da translación.
278	LINGUA E LIT	Os numerais que indican a parte exacta de algo, chámanse?	Numerais partitivos.
279	MATEMÁTICAS	Calcula $5 \{4 [7 + 4 (5 \times 3 - 9)] - 3 (40 - 8)\}$ .	$5 \{4 [7 + 4 (5 \times 3 - 9)] - 3 (40 - 8)\} = 5 \{4 [7 + 4 (15 - 9)] - 3 (40 - 8)\} = 5 \{4 [7 + 4 \times 6] - 3 \times 32\} = 5 \{4 [7 + 24] - 96\} = 5 \{4 \times 31 - 96\} = 5 \{124 - 96\} = 5 \times 28 = 140$ .
280	E.FCA SEC	A que aparato ou sistema pertencen os ósos?	a) Respiratorio ; b) Dixestivo ; c) Cardiovascular ; <b>d) Locomotor</b>
281	XEOGRAF E Hª	Cal é a ciencia que estuda os seres vivos?	Bioloxía.
282	CC NATUREZA	Que instrumento se utiliza para medir a temperatura?	Termómetro.
283	LINGUA E LIT	Que signo ortográfico se usa para indicar que o enunciado queda aberto, sen concluir, por vontade propia?	Os puntos suspensivos.
284	MATEMÁTICAS	O produto de 6 por outro número é sempre maior ca 6?	Non.
285	E.FCA SEC	A que aparato ou sistema pertencen o estómago e fígado?	a) Respiratorio ; <b>b) Dixestivo</b> ; c) Cardiovascular ; d) Locomotor
286	XEOGRAF E Hª	Quen elaborou as teorías de evolución do home?	Darwin.
287	CC NATUREZA	Como se chama a cantidade de vapor de auga que contén o aire?	Humidade.

288	LINGUA E LIT	Que signo ortográfico se usa para introducir unha enumeración?	Os dous puntos.
289	MATEMÁTICAS	Faise unha enquisa a 80 estudantes aos que se lles pregunta cal é seu deporte favorito, 42 deles prefiren o fútbol, 20 o baloncesto, 10 o atletismo e 8 outros. Calcula os graos que ocupan nun diagrama de sectores.	$360^\circ/80 = 4,5^\circ$ por estudante. $42 \times 4,5^\circ = 189^\circ$ para o fútbol ; $20 \times 4,5^\circ = 90^\circ$ para baloncesto.; $10 \times 4,5^\circ = 45^\circ$ para o atletismo.; $8 \times 4,5^\circ = 36^\circ$ para outros.
290	E.FCA SEC	A que aparato ou sistema pertencen os músculos?:	a) Respiratorio; b) Dixestivo; c) Cardiovascular; <b>d) Locomotor</b>
291	XEOGRAF E Hª	Como se chama a teoría de Darwin na que di que plantas e animais descenden de formas máis primitivas?	A orixe das especies.
292	CC NATUREZA	O higrómetro, é o aparello utilizado para medir a humidade?	Si.
293	LINGUA E LIT	Cal é o signo ortográfico que se usa para introducir un enunciado dentro doutro?	A paréntese.
294	MATEMÁTICAS	Como se expresa a información nos pictogramas?	Mediante debuxos iguais relacionados coa natureza dos datos.
295	E.FCA SEC	A que aparato ou sistema pertencen os Pulmóns?:	<b>a) Respiratorio</b> ; b) Dixestivo; c) Cardiovascular; d) Locomotor
296	XEOGRAF E Hª	A segunda teoría de Darwin di que a evolución débese á selección natural?	Si.
297	CC NATUREZA	A presión atmosférica, é a forza exercida pola columna de aire que hai sobre unha superficie?	Si.
298	LINGUA E LIT	A estrofa de catro versos de arte maior con rima abrazada, como se chama?	Cuarteto.
299	MATEMÁTICAS	Define diagrama de frecuencias.	É un diagrama de barras onde as barras son tan altas como indica a frecuencia de cada medida. a) Respiratorio; b) Dixestivo; <b>c) Cardiovascular</b> ; d) Locomotor
300	E.FCA SEC	A que aparato ou sistema pertencen o corazón e o sangue?	<b>c) Cardiovascular</b> ; d) Locomotor
301	XEOGRAF E Hª	Segundo a teoría de Darwin, o home e o mono teñen antepasados comúns, Cales son?	Os primates.
302	CC NATUREZA	Quen foi o físico italiano que mediu por primeira vez o valor da presión atmosférica?	E. Torricelli.
303	LINGUA E LIT	Cal é o recurso consistente en atribuírlles calidades propias de seres animados ou humanos a elementos que non o son?	A prosopopeia ou personificación.
304	MATEMÁTICAS	Cal é a idade media dos xogadores dun equipo de balonmán cuxas idades son 23, 18, 21, 22, 25, 22 e 25 anos?	Media = $(23 + 18 + 21 + 22 + 25 + 22 + 25)/7 = 22,28$ anos.
305	E.FCA SEC	Sinala a afirmación correcta:	<b>a) Exercicio físico é calquera práctica física pola que sometemos ao organismo a esforzos de maior intensidade do normal.</b> b) Debemos estar o máis parados posible para non gastar os sistemas do corpo.; c) O exercicio físico é prexudicial para o corazón; d) O exercicio físico provoca diversas enfermidades
306	XEOGRAF E Hª	Como se chama a arte na que se pinta nas paredes das covas?	Arte rupestre.
307	CC NATUREZA	As nubes reciben diferentes nomes segundo a súa forma. Nomea un:	Cirros, estratos e cúmulos.
308	LINGUA E LIT	Como se chama o acto de transmitir en voz alta unha composición poética coa entoación e sentimento debido?	Recitado.
309	MATEMÁTICAS	No par ordeado (1,3) ¿en que eixe vai cada número?	1 no eixe de abscisas; 3 no eixe de ordenadas.
310	E.FCA SEC	O modelo de vida que se caracteriza pola ausencia case total de exercicio físico chámase:	<b>a) Sedentarismo</b> ;b) Seminarismo ; c) Senderismo ; d) Ausentismo

311	XEOGRAF E Hª	Cal destas etapas apareceu primeiro? Mesolítico ou Neolítico:	Mesolítico.
312	CC NATUREZA	A velocidade do vento, con que se mide?	Anemómetro.
313	LINGUA E LIT	Cal é o poema consistente nunha serie ilimitada de versos octosílabos con rima asonante nos pares?	romance.
314	MATEMÁTICAS	É o mesmo o par ordeado (1,3) que (3,1)?	Non.
315	E.FCA SEC	Que perigos leva consigo este estilo de vida, o sedentarismo?	a) Cansarémonos máis tarde cun esforzo; <b>b) O corpo debilítase</b> ; c) Teremos máis forza.; d) Teremos menos posibilidades de ser obesos.
316	XEOGRAF E Hª	Como se chama o período final da Prehistoria?	Neolítico.
317	CC NATUREZA	Dende onde sopra a brisa diurna?	Dende o mar cara á terra.
318	LINGUA E LIT	Como se chaman as variedades xeográficas do galego?	Dialectos.
319	MATEMÁTICAS	Que son puntos colineais?	Os puntos que pertencen ou están na mesma recta.
320	E.FCA SEC	Cal dos seguintes é un obxectivo do quecemento:	<b>a) Activar as funcións dos aparatos respiratorio e cardiovascular;</b> b) Empezar fortemente a actividade física.; c) Disminuír a temperatura corporal ; c) Adiantar a fatiga.
321	XEOGRAF E Hª	Como se chama o intercambio de produtos sen usar a moeda?	Troco.
322	CC NATUREZA	A atmosfera contén gases imprescindibles para os seres vivos, Cales son?	Nitróxeno, osíxeno e dióxido de carbono.
323	LINGUA E LIT	Como se chama o fenómeno consistente en pronunciar o "g" aspirado?	Gheada.
324	MATEMÁTICAS	Que son puntos coplanarios?	Os puntos que se encontran no mesmo plano.
325	E.FCA SEC	Sinala a opción falsa: o quecemento farémolo:	a) Prestando atención especial aos músculos que utilizaremos na práctica deportiva.; b) De forma suave e progresiva.; c) Empezando con exercicios máis globais e rematando cos máis específicos. ; <b>d) O corazón debe pasar das 150 pulsacións/minuto ao acabar de quecer.</b>
326	XEOGRAF E Hª	Como se chama o modo de vida caracterizado polo desprazamento de grupos humanos co fin de acadar-la subsistencia?	Nómade.
327	CC NATUREZA	A atmosfera protexe aos seres vivos das radiacións solares nocivas?	Si.
328	LINGUA E LIT	Como se introduce a palabra ou grupo de palabras que se quere salientar dentro dun texto?	Entre comiñas.
329	MATEMÁTICAS	Define rectas concurrentes.	Rectas que pertencen ó mesmo plano e teñen un punto en común.
330	E.FCA SEC	Sinala a opción falsa:	a) A Educación física é a educación integral do individuo a través do movemento.; b) Unha boa condición física reduce o cansazo ante o exercicio. ; <b>c) As calidades físicas básicas son: Velocidade, forza e flexibilidade.</b> d) As calidades psicomotrices son: coordinación, axilidade e equilibrio.
331	XEOGRAF E Hª	Como se chaman as esculturas con forma humana?	Antropomorfas.
332	CC NATUREZA	Cantos centímetros cúbicos caben nun metro cúbico?	Un millón.
333	LINGUA E LIT	Cales son os tres bloques dialectais que ten o galego?	occidental, o oriental e o central.
334	MATEMÁTICAS	O segmento AB e igual co segmento BA.?	Si.

335	E.FCA SEC	Sinala a opción falsa:	a) Para mellorar a velocidade realizaremos exercicios de curta duración.; b) Para mellorar a velocidade realizaremos movementos o máis rápido posible.; <b>c) Para mellorar a velocidade realizaremos exercicios de longa duración.;</b> d) Para mellorar a velocidade realizaremos exercicios de reacción.
336	XEOGRAF E Hª	Como se chaman as esculturas con formas de animais?	Zoomorfas.
337	CC NATUREZA	A densidade é a relación que hai entre a masa e o ...	Volume.
338	LINGUA E LIT	Cal é a función da linguaxe pola que o emisor incita ao receptor a responder ou actuar?	A función conativa.
339	MATEMÁTICAS	Acha o segmento diferencial de PA e CO, sendo PA=4,75cm. e CO=2,15cm.	OA = 4,75 – 2,15 = 2,6cm.
340	E.FCA SEC	Sinala a afirmación verdadeira	a) A resistencia pode ser anaeróbica e suave.; b) A resistencia pode ser articular e muscular.; <b>c) A resistencia pode ser aeróbica e anaeróbica.;</b> d) A resistencia pode ser continua e discontinua.
341	XEOGRAF E Hª	Como se chama o lugar con auga e vexetación que se atopa no deserto?	Oasis.
342	CC NATUREZA	O paso dunha substancia de gas a líquido recibe o nome de...	Condensación.
343	LINGUA E LIT	Cando queremos constatar que o receptor nos escoita ou entende, usamos a función?	Fática.
344	MATEMÁTICAS	Cando dous ángulos son consecutivos?	Cando comparten o vértice e un lado.
345	E.FCA SEC	Sinala a afirmación verdadeira:	<b>a) A mobilidade articular é a capacidade de movemento dunha articulación.;</b> b) A mobilidade articular é a capacidade de estiramento do músculo. ; c) A elasticidade muscular é a capacidade de movemento dunha articulación. ; d) A resistencia componse de mobilidade articular e elasticidade muscular.
346	XEOGRAF E Hª	Como se chama o río que atravesa Exipto?	Nilo.
347	CC NATUREZA	Un método utilizado para separa-los compoñentes dunha disolución, Como se chama?	Destilación.
348	LINGUA E LIT	Cando nun texto teatral fala un único personaxe durante moito tempo ou en toda a obra chámase...	Monólogo.
349	MATEMÁTICAS	Cando dous ángulos son adxacentes?	Cando son consecutivos e os seus lados non comúns están sobre a mesma recta.
350	E.FCA SEC	Sinala a afirmación falsa:	a) Os ósos serven para soste o corpo. ; b) As articulacións serven para unir os ósos entre si. ; <b>c) As articulacións son todas móbiles. ;</b> d) Os músculos encárganse de xerar o movemento.
351	XEOGRAF E Hª	Onde están depositadas as momias para que se conserven?	En sarcófagos.
352	CC NATUREZA	Como se chaman os organismos formados por unha soa célula?	Unicelulares.
353	LINGUA E LIT	Como se chama o mobiliario, decorado, luces, música... dunha obra de teatro?	Escenografía.
354	MATEMÁTICAS	Un ángulo obtuso, ¿entre que graos se move?	Entre 90º-180º.
355	E.FCA SEC	Sinala a afirmación falsa:	a) O sangue transporta nutrientes e osíxeno. ; b) O corazón é o encargado de bombear o sangue. ; <b>c) No interior dos alvéolos hai pulmóns. ;</b> d) Polas vías respiratorias entra o aire do exterior
356	XEOGRAF E Hª	Cal é o nome do primeiro faraón que uniu o Baixo Exipto e o Alto Exipto?	Menes.
357	CC NATUREZA	Cales son as dúas características comúns das células?	Membrana plasmática e ADN.
358	LINGUA E LIT	O vestuario dos actores, maquillaxe, peiteado..., como se chama?	Caracterización.
359	MATEMÁTICAS	Determina o complemento dun ángulo con medida 23º 28' 53". 90º -	23º 28' 53" = 66º 31' 7".
360	E.FCA SEC	O aparato encargado de captar o osíxeno do exterior é o:	<b>a) Respiratorio;</b> a) Dixestivo; b) Cardiovascular; c) Locomotor
361	XEOGRAF E Hª	Como se chamaba o deus do Sol no Antigo Exipto?	Ra.

362	CC NATUREZA	As células eucariotas distínguense das procariontes por ter núcleo?	Si.
363	LINGUA E LIT	Como se chaman os verbos que manteñen inalterada a súa raíz ou lexema en toda a conjugación?	Verbos regulares.
364	MATEMÁTICAS	Calcula a quinta parte do ángulo $53^{\circ} 18' 26''$ .	$53^{\circ} 18' 26'' : 5 = 10^{\circ} 39' 41''$ e 1' de resto.
365	E.FCA SEC	O aparato encargado do movemento é o:	a) Respiratorio; b) Dixestivo ; c) Cardiovascular; <b>d) Locomotor</b>
366	XEOGRAF E Hª	Como se chama a escritura dos exipcios?	Xeroglífica.
367	CC NATUREZA	As células vexetais nótrense de?	Compostos inorgánicos.
368	LINGUA E LIT	A que modo verbal pertencen as ordes ou mandatos?	Ao modo imperativo.
369	MATEMÁTICAS	Se dúas rectas se cortan, os ángulos opostos polo vértice, son iguais?	Si.
370	E.FCA SEC	O aparato encargado de impulsar o sangue por todo o organismo é o:	a) Respiratorio; b) Dixestivo ; <b>c) Cardiovascular</b> ; d) Locomotor
371	XEOGRAF E Hª	Define cunha soa palabra a arquitectura exipcia:	Monumentalidade.
372	CC NATUREZA	Reinos dos seres vivos:	Moneras, Protocistas, Fungos, Plantas e Animais.
373	LINGUA E LIT	Cales son os tres modos verbais?	Indicativo, subxuntivo e imperativo.
374	MATEMÁTICAS	Define rectas paralelas.	Dúas rectas son paralelas cando non teñen ningún punto en común.
375	E.FCA SEC	O aparato encargado de introducir os alimentos no organismo é o:	a) Respiratorio; <b>b) Dixestivo</b> ; c) Cardiovascular; d) Locomotor
376	XEOGRAF E Hª	As principais construcións funerarias exipcias son de carácter relixioso. Nomea os tres tipos:	Mastaba, pirámide escalonada e pirámide.
377	CC NATUREZA	As bacterias son seres unicelulares o pluricelulares?	Unicelulares.
378	LINGUA E LIT	Cales son as dúas voces verbais?	Activa e pasiva.
379	MATEMÁTICAS	A qué é igual a distancia dun punto a unha recta?	Ó segmento perpendicular dende o punto ata a recta.
380	E.FCA SEC	En deporte é importante...?	a) Gañar a calquera prezo; b) O único importante é pasalo ben, o resto dá igual; <b>c) Coidar as horas de sono e levar unha alimentación sa ;</b> d) Só son importantes os partidos, adestrar é secundario.
381	XEOGRAF E Hª	Nomea os tres tipos de templos segundo onde se constrúan:	Templos de superficie, templos escavados na rocha e templos coa metade escavada na rocha e a outra metade na superficie.
382	CC NATUREZA	No reino Protocista, inclúense as algas unicelulares e protozoos?	Si.
383	LINGUA E LIT	Como se chaman as palabras que teñen a mesma fonética pero grafía distinta?	Homófonas.
384	MATEMÁTICAS	Que é a mediatriz dun segmento?	É a recta perpendicular ao segmento trazada polo seu punto medio.
385	E.FCA SEC	Que é a expresión corporal?	a) É unha forma de expresarse utilizando a palabra.; <b>b) É unha comunicación corporal, non verbal. ;</b> c) É unha representación escrita ou pintada do que queremos expresar.; d) É a escritura no corpo
386	XEOGRAF E Hª	Que significa Mesopotamia?	País entre ríos.
387	CC NATUREZA	Que tipo de organismo son as algas?	Acuáticos.
388	LINGUA E LIT	Quen foi o autor do texto teatral máis antigo escrito en galego?	Gabriel Feixoo de Araxo.
389	MATEMÁTICAS	Que posición poden ter as rectas no espacio?	Poden cortarse, cruzarse ou ser paralelas.
390	E.FCA SEC	Cal das seguintes non é propiamente unha técnica de expresión corporal?	a) O mimo.; b) A danza.; c) As técnicas de dramatización.; <b>d) A conversación oral.</b>
391	XEOGRAF E Hª	Nomea os dous ríos máis importantes de Mesopotamia:	Tigris e Éufrates.
392	CC NATUREZA	A fagocitose, é un proceso para inxerir alimentos?	Si.

393	LINGUA E LIT	Como se chama á representación teatral na que os personaxes non falan e actúan mediante xestos e expresión corporal?	Pantomima.
394	MATEMÁTICAS	Cantas posicións poden adoptar os planos no espacio?	Dúas posicións, cortarse ou ser paralelas.
395	E.FCA SEC	Sinala a afirmación falsa:	a) O mimo utiliza o seu corpo para expresarse, prescindindo das palabras. ; <b>b) Un dos obxectivos da expresión corporal é desenvolver a nosa musculatura. ;</b> c) Un dos obxectivos da expresión corporal é utilizar o noso corpo como medio de comunicación cos demais. ; d) Na danza é moi importante a expresividade do corpo.
396	XEOGRAF E Hª	No ano 2000 e 1400a.C. na zona central de Mesopotamia surxe outra cidade, Como se chama?	Babilonia.
397	CC NATUREZA	Que tipo de nutrición presentan os fungos?	Heterótrofa.
398	LINGUA E LIT	Como se chaman as palabras que constitúen o vocabulario específico de cada ciencia ou profesión?	Tecnicismos.
399	MATEMÁTICAS	Que son as bisectrices dun triángulo?	Son as rectas que dividen aos ángulos dun triángulo en dúas partes iguais.
400	E.FCA SEC	Na freada en T en patinaxe...:	a) Os dous pés deben de estar paralelos.; <b>b) Os dous pés deben de estar perpendiculares. ;</b> c) Os dous pés deben de estar na mesma liña.; d) Un pé debe de estar levantado.
401	XEOGRAF E Hª	Cal é o poema máis famoso da literatura mesopotámica?	Poema de Gilgamesh.
402	CC NATUREZA	Os virus son células?	Non.
403	LINGUA E LI	Como se chaman as palabras formadas pola suma das sílabas iniciais doutras?	Acrónimos.
404	MATEMÁTICAS	Se dous lado dun triángulo miden 17mm. e 33mm. pode o 3º lado medir 52mm.?	Para poder formar un triángulo a lonxitude do terceiro lado debe cumprir: $52 < 17 + 33$ . Non pode medir 52mm. porque non se cumpre.
405	E.FCA SEC	Como debe realizarse a impulsión para adquirir velocidade cando estamos a patinar?	a) Impulsando cara a atrás cun pé.; b) Impulsando cara a atrás cos dous pés.; <b>c) Impulsando cun ángulo aproximado de 45º entre os pés. ;</b> d) Saltando cara adiante.
406	XEOGRAF E Hª	A escritura cuneiforme, onde se escribía?	En táboas de arxila.
407	CC NATUREZA	De que están formados os líques?	Por un fungo e un alga unicelular.
408	LINGUA E LIT	Os textos científicos centrados no estudo de calquera aspecto relacionado coas persoas, chámase...	Textos humanísticos.
409	MATEMÁTICAS	Todo trapecio é un paralelogramo?	Non, porque o paralelogramo ten os dous pares de lados opostos paralelos.
410	E.FCA SEC	A posición básica do corpo para patinar debe ser:	a) O máis ergueita posible.; b) Moi estirados para ver mellor.; <b>c) Co nariz, os xeonilos e a punta dos pés nunha mesma liña vertical. ;</b> d) Sobre un pé para ter máis estabilidade.
411	XEOGRAF E Hª	Onde escribían os exipcios os seus xeroglíficos?	En papiros.
412	CC NATUREZA	Un cogomelo, é un fungo?	Si.

413	LINGUA E LIT	De que tres formas se poden escribir os textos humanísticos?	Coma unha descrición, unha argumentación ou un ensaio.
414	MATEMÁTICAS	No trapezio EIOA, EI e AO son paralelos. O ángulo $\hat{O} = 87^\circ$ e o $\hat{A} = 65^\circ$ . Acha a medida dos ángulos	$\hat{E}$ e $\hat{I}$ . $\hat{E} + \hat{A} = 180^\circ$ ; $\hat{I} + \hat{O} = 180^\circ$ ..... $\hat{E} + 65^\circ = 180^\circ$ ; $\hat{E} = 115^\circ$ . $\hat{I} + 87^\circ = 180^\circ$ ; $\hat{I} = 93^\circ$ .
415	E.FCA SEC	Signala a afirmación falsa. Cando patinando se perde o equilibrio debemos:	a) Intentar caer cara a diante.; b) Caer sobre as zonas protexidas; <b>c) Baixar o centro de gravidade.</b> ; d) Mover axilmente os brazos e elevarse para intentar non caer.
416	XEOGRAF E Hª	Que tipo de documento é o Código de Hammurabi?	De carácter xurídico.
417	CC NATUREZA	Nomea os tres grupos de algas pluricelulares existentes:	Feofíceas, Clorofíceas e Rodofíceas.
418	LINGUA E LIT	O que facemos cando queremos convencer a alguén das nosas ideas, é...?	Argumentar.
419	MATEMÁTICAS	Define polígono regular.	É o que ten os seus ángulos iguais e os seus lados iguais.
420	E.FCA SEC	Cantos puntos hai que marcar para gañar o primeiro set en voleibol?	a) 27.; b) 15.; <b>c) 25 con vantaxe de dous.</b> ; d) 15 con vantaxe de dous.
421	XEOGRAF E Hª	Cantos artigos ten o Código de Hammurabi?	282.
422	CC NATUREZA	No talo das plantas distinguimos tres partes, cales?	Ápice, nó e entrenó.
423	LINGUA E LIT	O artigo no que o xornal ou revista expresa a súa opinión sobre un tema determinado chámase...	Editorial.
424	MATEMÁTICAS	Define traslación.	É un desprazamento en liña recta dunha figura sobre un plano.
425	E.FCA SEC	Signala cal dos seguintes marcadores se pode dar nun partido de voleibol:	a) 25-24, 25-21, 25-18.; b) 15-13, 15-12, 11-15, 15-10.; c) 25-22, 21-25, 25-12.; <b>d) 25-23, 21-25, 25- 18, 25-16.</b>
426	XEOGRAF E Hª	Homero, Aristóteles, Pitágoras, Euclides, Tolomeo e Arquímedes, Que teñen en común?	Eran gregos e sentaron as bases do coñecemento da cultura occidental.
427	CC NATUREZA	Na folla das plantas distinguimos tres partes, cales?	Limbo, pecíolo e base.
428	LINGUA E LIT	Que é unha familia léxica?	Palabras que comparten o mesmo lexema ou raíz.
429	MATEMÁTICAS	Como se chama o triángulo cos tres ángulos iguais?	Triángulo equilátero.
430	E.FCA SEC	En voleibol o pase de antebrazos realízase:	a) Golpeando o balón coas xemas dos dedos.; b) Golpeando o balón flexionando os antebrazos.; c) Golpeando o balón cos pulsos dos brazos ; <b>d) Golpeando cos antebrazos e con extensión de pernas.</b>
431	XEOGRAF E Hª	Cal foi a primeira civilización máis importante de Grecia?	A cretense.
432	CC NATUREZA	Que nome reciben as flores con androceo e xineceo?	Hermafroditas.
433	LINGUA E LIT	Como se chaman as palabras que se pronuncian igual ou que se pronuncian e escriben igual pero teñen distinto significado?	Homónimas.
434	MATEMÁTICAS	A diagonal dun paralelogramo divide o paralelogramo en dous triángulos iguais?	Si.
435	E.FCA SEC	En voleibol o pase de dedos realízase:	<b>a) Golpeando o balón coas xemas dos dedos.</b> ; b) Golpeando cos antebrazos.; c) Golpeando coa palma das mans.; d) Empurrando o balón suavemente coas mans abertas.
436	XEOGRAF E Hª	Os gregos veneraban a moitos deuses, cal era o pai de todos eles?	Zeus.
437	CC NATUREZA	Cales son as tres partes que teñen os pistilos?	Estigma, estilo e ovario.
438	LINGUA E LIT	O texto no que un autor expón a súa opinión sobre un tema determinado chámase...	Ensaio.
439	MATEMÁTICAS	A distancia entre dúas rectas paralelas é sempre a mesma?	Si.

440	E.FCA SEC	Sinala a afirmación falsa:En voleibol:	a) O saque realizase dende o fondo da pista.; <b>b) Pódese reter un pouco o balón coas mans.</b> ; c) Non pode dar dous toques consecutivos o mesmo xogador.; d) O remate utilízase para finalizar o ataque.
441	XEOGRAF E Hª	Como se chama a deusa do amor e da beleza grega?	Afrodita.
442	CC NATUREZA	Que característica diferencia os animais invertebrados dos vertebrados?	A columna vertebral.
443	LINGUA E LIT	Cal foi a mellor xeración de ensaistas de Galiza?	A xeración Nós.
444	MATEMÁTICAS	Cal é a área dun trapecio?	$A = 1/2h (b1 + b2)$ .
445	E.FCA SEC	De cantos xogadores se compón un equipo de voleibol incluído os suplentes?	<b>a) De 12.</b> ; b) De 6.; c) De 8.; d) De 10.
446	XEOGRAF E Hª	Os templos gregos construíanse segundo as tres ordes arquitectónicas, Cales son?	Dórico, iónico e corintio.
447	CC NATUREZA	A samesuga é un anélido?	Si.
448	LINGUA E LIT	Quen foi o autor do ensaio <i>Sempre en Galiza</i> ?	Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
449	MATEMÁTICAS	Calcula raíz cadrada de 5 elevado a 2	raíz cadrada de 5 elevada a 2 = 5
450	E.FCA SEC	Cantos xogadores por equipo poden xogar ao mesmo tempo nun partido de voleibol?	a) 12.; <b>b) 6.</b> ; c) 8.; d) 10.
451	XEOGRAF E Hª	Que reflicte o Discóbolo de Mirón?	A perfección do corpo humano en pleno esforzo.
452	CC NATUREZA	Os mamíferos, son poiquilotermos?	Non, son homeotermos.
453	LINGUA E LIT	Que é o encadramento picado dunha escena?	Observa-la escena dende arriba.
454	MATEMÁTICAS	Calcula raíz cadrada de 356.	raíz cadrada de 356 = 18,8.
455	E.FCA SEC	O remate en voleibol:	a) Débese realizar ante saques baixos.; b) Débese realizar ao segundo toque para sorprenden ao contrario.; <b>c) Debe ser o terceiro e último toque.</b> ; d)Realízase coas dúas mans á vez
456	XEOGRAF E Hª	Onde está Roma?	En Italia.
457	CC NATUREZA	Cales son os sistemas que interveñen na función de nutrición?	Dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
458	LINGUA E LIT	Cando a escena se observa de abaixo a arriba chámase...	Contrapicado.
459	MATEMÁTICAS	Calcula raíz cadrada de (82 +62).	raíz cadrada de (82 +62) = raíz cadrada de (64 +36) = raíz cadrada de 100 =10.
460	E.FCA SEC	En voleibol pódese xogar o balón fóra das liñas do campo?	a) Non nunca.; <b>b) Si.</b> ; c)Si, pero só coa man. ; d)Acórdase antes de comezar o partido.
461	XEOGRAF E Hª	Que río atravesa Roma?	Río Tíber.
462	CC NATUREZA	Funcións do sistema dixestivo:	Dixerir os alimentos e absorción de nutrientes e auga.
463	LINGUA E LIT	O plano no que os actores vense so ata a altura dos xeonllos é o...	Plano americano.
464	MATEMÁTICAS	Enuncia o teorema de Pitágoras.	Nun triángulo rectángulo de hipotenusa c e catetos a e b, o cadrado da hipotenusa é igual a suma dos cadrados dos catetos. $c^2 = a^2 + b^2$ .
465	E.FCA SEC	No saque en voleibol, ¿está permitida que o balón toque a rede?	<b>a) No saque non pode tocar a rede.</b> ; b) Se toca a rede e cae no propio campo, repítese o saque.; c) Si, está permitido, se pasa ao outro campo segue xogando.; d) Se pasa ao outro campo repítese o saque.
466	XEOGRAF E Hª	Cales son as tres institucións básicas que serviron para gobernar o novo réxime da república romana?	Maxistraturas, senado e comicios
467	CC NATUREZA	Nomea as funcións do sistema respiratorio:	Incorporación de osíxeno e eliminación de dióxido de carbono.

468	LINGUA E LIT	Que é un primeiro plano?	Cando só se ve o rostro do actor.
469	MATEMÁTICAS	Calcula a lonxitude da hipotenusa nun triángulo rectángulo de catetos 16cm. E 13cm.	$C = \text{raíz cadrada de } (256 + 169) = 20,61.$
470	E.FCA SEC	Segundo a función que desenvolven no xogo de voleibol, os xogadores poderán ser:	a) <b>Dianteiros e; zaqueiros ou defensas;</b> b) Pasadores e sacadores.; c) Rematadores, bloqueadores e sacadores.; d) Defensas, medios e dianteiros;
471	XEOGRAF E Hª	Como se chama o predominio das mulleres na organización da sociedade?	Matriarcado.
472	CC NATUREZA	O corazón, os vasos sanguíneos e o sangue, a que sistema pertencen?	Ao sistema circulatorio.
473	LINGUA E LIT	Cales son os dous tipos de interxeccións existentes?	As propias e as impropias.
474	MATEMÁTICAS	Unha escada de 5m. de longo apóiase nunha parede. O pé da escada dista 2m. da parede, Que altura alcanza a escada?	$X = \sqrt{5^2 - 2^2} = \sqrt{21} = 4,58m.$
475	E.FCA SEC	En voleibol o saque é a acción técnica de:	a) Provocar o bloqueo do contrario. ; <b>b) Poñer en xogo o balón.</b> ; c) Realizar o contraataque.; d) Apartar o compañeiro da súa zona.;
476	XEOGRAF E Hª	Quen se enfrentaron nas guerras púnicas?	Romanos e cartaxineses.
477	CC NATUREZA	Quen elabora e coordina os movementos voluntarios?	cerebro.
478	LINGUA E LIT	Que significa o prefixo hexa-?	Seis.
479	MATEMÁTICAS	As rodas dunha bicicleta miden 54cm. de diámetro. Calcular a distancia percorrida por un ciclista cuxas rodas deron 300 voltas.	$L = 2\pi r = 3,14 \times 54 = 169,56\text{cm/volta. } 169,56 \times 300 = 50.868\text{cm} = 508,68\text{m.}$
480	E.FCA SEC	Sinala a afirmación falsa:Na viravolta agrupada cara adiante:	a) Debemos de apoiar as mans.; b) Debemos de facer un xiro de 360º ; cara adiante.; c) Debemos de rodar sobre as costas.; <b>d) Debemos apoiar a testa no chan.</b>
481	XEOGRAF E Hª	Cal foi o escenario das guerras púnicas?	a Península Itálica
482	CC NATUREZA	O sistema excretor, está formado por?	Aparato urinario e glándulas sudoríparas.
483	LINGUA E LIT	Que dúas linguaxes emprega o cómic?	A icónica e a verbal.
484	MATEMÁTICAS	Acha a área dun círculo de 56cm. de diámetro.	$A = \pi r^2 = 3,14 \times 784 = 2461,7\text{cm}^2. 25$
485	E.FCA SEC	En baloncesto o dribling é:	a) O tiro. ; <b>b) O bote.</b> ; c) O pase. ; d) Bandexa.
486	XEOGRAF E Hª	Cales son as fases da conquista romana da Península Ibérica?	Conquista do sur e levante, conquista da meseta e conquista do cantábrico.
487	CC NATUREZA	Partes do sistema nervioso central:	Encéfalo e médula espiñal.
488	LINGUA E LIT	Como se chama cada un dos debuxos que paso a paso presentan a historia nun cómic?	Viñetas.
489	MATEMÁTICAS	Calcula a área dun paralelogramo de base 20cm. E 8cm. de altura.	$A = b \times h = 20 \times 8 = 160\text{cm}^2.$
490	E.FCA SEC	Cal dos seguintes non é un tipo de tiro en baloncesto?	a) Tiro en suspensión.; <b>b) Tiro de béisbol.</b> ; c) Tiro en bandexa. ; d) Tiro de gancho.
491	XEOGRAF E Hª	Nomea os diferentes criterios polos cales se clasificaba a poboación hispanoromana:	Criterio político, xurídico e socioeconómico.
492	CC NATUREZA	Como se chaman as metades nas que se divide o cerebro?	Hemisferios.
493	LINGUA E LIT	Como aparecen nun cómic as palabras que pronuncian ou pensan os personaxes?	En globos.

494	MATEMÁTICAS	Cal é a área dun triángulo?	$A = (b \times h) / 2$ .
495	E.FCA SEC	Cal dos seguintes conceptos están relacionados co bote en baloncesto?	a) De béisbol. ; b) En bandexa. ; c) En suspensión. ; <b>d) De protección.</b>
496	XEOGRAF E Hª	Os colonos son campesiños que traballan unha terra que non lles pertence dentro dunha grande propiedade?	Si.
497	CC NATUREZA	O cerebelo é o órgano encargado de...	Coordinar os movementos.
498	LINGUA E LIT	Como se chaman os estranxeirismos procedentes do inglés?	Anglicismos.
499	MATEMÁTICAS	Un cadrado de lado 7cm. está dentro dun círculo. Acha a área dos segmentos circulares. Diagonal del cadrado = diámetro do círculo.	Segundo o teorema de Pitágoras: $d^2 = 49 + 49 = 98$ ; $d = \text{raíz cadrada de } 98$ . Polo que o radio será $r = \text{raíz cadrada de } 98/2$ . $A = \pi \times (\text{raíz cadrada de } 98/2)^2 - 7^2 = 27,93\text{cm}^2$ .
500	E.FCA SEC	Cal dos seguintes conceptos están relacionados co pase en baloncesto?	a) De velocidade. ; <b>b) De béisbol.</b> ; c) En bandexa. ; d) Rebote.